



UN PROXECTO GLOBAL DE ORDENACIÓN DO ESPAZO PÚBLICO

MARES é a aposta do Concello de Marín por ordenar o espazo de aparcadoiro público gratuito do que dispón a nosa vila, a través de aparcadoiros disuasorios e dunha ordenanza de regulación do tempo de estacionamento en determinadas rúas comerciais.

Con esta estratexia integral, o espazo urbano será máis habitable e cómodo para todos e todas: para os peóns e os vehículos. Cada área de estacionamento ten a súa funcionalidade. Utilízala correctamente e apostar pola mobilidade a pé é una tarefa colectiva.



ESA COMUNICACIÓN



DESEÑANDO UN MARÍN MÁIS ORDENADO

Mares
MARÍN ESTACIONAMENTO
PÚBLICO GRATUÍTO



Facer recados, acudir ao Concello, xestionar un trámite, tomar un café e apoiar a nosa economía local... Se queres facer calquera desas cousas e precisas desprazarte no coche, podes aproveitar as prazas dalgunhas das rúas máis céntricas que forman parte da **ZONA 2H**.

Que é a ZONA 2H? Aquelas prazas nas que nun horario determinado o máximo que se poderá deixar o coche aparcado é de 2 horas. É a única limitación! Non haberá que pagar nin suporá ningún outro cambio, pero así garántese a rotación nestes puntos tan céntricos e demandados da vila.



ZONAS 2H

- **Av. de Ourense:** desde o paso de peóns, fronte ao parque infantil, ata a praza de España.
- **Av. de Ourense:** desde o paso de peóns, fronte ao parque infantil, ata a rúa da Estrada.
- **Av. Exército e Mariña:** desde o mercado ata o monólito da Liberación.
- **Rúa da Ponte:** desde a zona de carga e descarga, situada fronte a fonte, ata o cruzamento con rúa do Sol.
- **Rúa de Concepción Arenal:** desde o cruzamento rúa de Jaime Janer ata rúa da Roda.
- **Rúa de Concepción Arenal:** tramo da beirarrúa impar, fronte á escola infantil "O Grupo", ata o cruzamento con rúa de Méndez Núñez.
- **Rúa de Jaime Janer:** desde o cruzamento con rúa de Concepción Arenal ata rúa Busto de Abaixo.
- **Rúa do Alcalde Ezequiel Massoni:** beirarrúa impar (parque Eguren), desde o cruzamento con rúa Busto de Abaixo ata o cruzamento con rúa de Concepción Arenal.
- **Av. de Ourense:** desde o número 90 ao 96.



Se vés traballar ou pasar o día a Marín e non precisas mover o coche en moitas horas, podes utilizar os aparcadoiros disuasorios que o Concello habilitou no casco urbano. Contamos con máis dunha decena de aparcadoiros públicos gratuitos. Consulta a localización destes aparcadoiros no parking minuto e verás que todo está máis preto do que pensas.




PARKING MINUTO

Camiñar beneficia a túa saúde e tamén ao medio ambiente, mellora as relacións veciñais e conéctate coa vida social e cultural da túa cidade.
COS APARCADOIROS PÚBLICOS E GRATUITOS TODO ESTÁ MÁIS PRETO.

APARCADOIRO PRAZAS

- PRAZA DO REQUEIRO** 60 prazas
- SAGRADA FAMILIA** 25 prazas
- CONCEPCIÓN ARENAL** 100 prazas
- PONTE ZAPAL** 50 prazas
- VIRXE DO CARME** 40 prazas
- INFERNIÑO** 60 prazas
- REPÚBLICA ARGENTINA** 70 prazas
- JAIME JANER** 50 prazas
- PAVILLÓN DA BANA (uso deportivo)** 100 prazas
- CARBALLAL** 50 prazas

PAVILLÓN DA BANA (uso deportivo)



mares
MARIN ESTACIONAMIENTO
PÚBLICO GRATUITO



Concello de
MARÍN